



Resolución do 4 de marzo de 2024, pola que o Instituto Galego da Vivenda e Solo convoca para o ano 2024 distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación (códigos de procedemento VI422F e VI406A.)

O artigo 91 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, establece que o Instituto Galego da Vivenda e Solo desenvolverá políticas de rehabilitación e renovación do parque de vivendas de Galicia atendendo a criterios de accesibilidade, sostibilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións existentes. O artigo 94 da citada lei establece que os programas de rehabilitación poderán dispoñer para a súa execución de medidas específicas de fomento, de axudas ao financiamento, de préstamos subsidiados, de anticipos, de incentivos fiscais e de calquera outro instrumento nos termos que se establezan nas correspondentes normas de desenvolvemento.

Neste contexto, o Instituto Galego da Vivenda e Solo puxo en marcha un conxunto de medidas, de carácter exclusivamente autonómico, encamiñadas a fomentar a rehabilitación de edificios e vivendas, entre as que teñen especial relevancia os diferentes programas dirixidos a fomentar o acceso á vivenda e a rehabilitación e renovación urbana, como son o Programa para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal e o Programa de infravivenda para o seu destino ao alugueiro social.

O Programa de axudas para a rehabilitación de edificacións e vivendas de titularidade municipal para o seu destino ao alugueiro social implantouse polo Instituto Galego da Vivenda e Solo coa finalidade de prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes, co obxecto de rehabilitar edificacións da súa titularidade susceptibles dun uso residencial. Por Resolución do 18 de novembro de 2022 modificáronse as bases reguladoras destas subvencións, ampliando o importe máximo subvencionable das axudas concedidas, así como a consideración de gastos subvencionables aos derivados de impostos, taxas e tributos.

O Programa de infravivenda ten como obxecto outorgar axudas aos concellos de menos de 10.000 habitantes para acometer actuacións urxentes e imprescindibles, para os efectos de mellorar o estado das edificacións ou vivendas propiedade dos concellos e/ou de persoas propietarias en risco de exclusión residencial.

A variedade das axudas destinadas a concellos para actuacións de rehabilitación xestionadas por este organismo aconsella efectuar nun único texto unha convocatoria conxunta deste tipo de subvencións para facilitar, deste xeito, o seu coñecemento polos



seus potenciais destinatarios.

De conformidade con todo o anterior, no exercicio das facultades que me confire o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

I. Disposicións xerais

Primeiro. *Obxecto e réxime das axudas*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2024 as subvencións dos seguintes programas para actuacións de rehabilitación:

a) Programa de subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro social, con carácter plurianual, que se tramitará co código de procedemento VI422F.

b) Programa de infravivenda, que se tramitará co código de procedemento VI406A.

2. A concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase polo procedemento de concorrencia non competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria, de acordo co sinalado no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo. *Bases reguladoras*

As bases reguladoras das subvencións obxecto desta convocatoria están recollidas nas seguintes disposicións:

1. Resolución da presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), do 23 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro social (*Diario Oficial de Galicia* en diante, DOG núm. 5, do 11 de xaneiro de 2021), modificada pola Resolución do 18 de novembro de 2022 (DOG núm. 227, do 29 de novembro).

2. Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 23 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda (DOG núm. 8, do 14 de xaneiro de 2020).



Terceiro. *Crédito orzamentario*

1. As subvencións obxecto desta convocatoria faranse efectivas con cargo ás aplicacións dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que se especifican nesta resolución.
2. As contías establecidas nestas convocatorias poderán ser obxecto de ampliación por resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, a cal terá efecto logo da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Cuarto. *Solicitudes e documentación complementaria*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> e que se incorporan como anexo a esta resolución. Deberán dirixirse ao órgano que se especifique en cada programa, segundo o tipo de subvención.
2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algún dos concellos solicitantes presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.
3. Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
4. No formulario de solicitude o concello solicitante realizará as seguintes declaracións:
 - a) Declaración de que non solicitou nin obtivo ningunha outra axuda para a mesma finalidade. No caso de ter solicitado ou obtido algunha outra axuda, deberá indicar cales e o seu importe.
 - b) Compromiso de comunicar calquera outra subvención que sexa solicitada ou obtida pola persoa ou entidade solicitante para a mesma finalidade.



c) Declaración responsable de que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

d) Declaración responsable de que non está incurso nas causas de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

e) Declaración responsable de que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria da axuda que solicita.

f) Declaración responsable de que todos os datos da solicitude son correctos.

5. As solicitudes de subvención deberán ir acompañadas da documentación complementaria especificada nesta resolución, segundo a axuda solicitada.

6. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente polo concello interesado ante calquera Administración. Neste caso, a entidade solicitante deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa do concello solicitante.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa ou entidade interesada a súa achega.

7. A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica.

Se algún dos concellos solicitantes presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

8. Os concellos solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegados polo concello solicitante, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

9. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de



registro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

10. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Quinto. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que os concellos solicitantes deban realizar trala presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente, accedendo á Carpeta cidadá do concello interesado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sexto. Órganos competentes

1. A instrución do procedemento é competencia da Área Provincial do IGVS onde estea situado o edificio ou a vivenda no que se realicen as actuacións.
2. Corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS resolver sobre a concesión das axudas solicitadas.

Sétimo. Procedemento

1. Sen prexuízo das especialidades establecidas para cada programa de axudas, os procedementos de concesión iniciaranse de oficio, en réxime de concorrència non competitiva, mediante a publicación da presente resolución.
2. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se a solicitude presentada non reunise algún dos requisitos esixidos nas bases reguladoras ou na presente convocatoria, requirirase ao concello solicitante para que no prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, teráselle por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





3. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, o concello solicitante poderá ser requirido para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.
4. O órgano instrutor, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos, elevará a proposta de resolución á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.
5. A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, á vista da proposta efectuada e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria, resolverá o que en dereito proceda.

Oitavo. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os concellos interesados deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.
4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos,



practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Noveno. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Décimo. *Recursos contra esta resolución*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan presentar calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

II. Convocatoria das subvencións do Programa para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugueiro social, con carácter plurianual (código de procedemento VI422F).

Décimo primeiro. *Convocatoria das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugueiro social, con carácter plurianual (código de*



procedemento VI422F).

Uno. Obxecto

Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 20.000 habitantes para que poidan rehabilitar edificacións e vivendas da súa titularidade e as adxudiquen, en réxime de alugamento, a unidades de convivencia con ingresos inferiores a 2,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM).

Dous. Crédito orzamentario

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 06.81.451A.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 450.000 euros para a anualidade 2024 e por importe de 1.400.000 euros para a anualidade 2025.

Tres. Actuacións subvencionables

1. Consideraranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e en vivendas de titularidade municipal, que garantan o cumprimento dos requisitos básicos de funcionalidade, seguranza, habitabilidade e/ou a accesibilidade. Entre as condicións de habitabilidade poderanse contemplar a execución de medidas que eviten a entrada no edificio do gas radon ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

2. As actuacións subvencionables incluírán, para os efectos de determinación do custo total das obras, as seguintes actuacións preparatorias: os honorarios dos profesionais que interveñan; os informes técnicos e certificados necesarios; os gastos derivados da tramitación administrativa e outros gastos xerais similares, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. Tamén serán subvencionables os gastos xerais de estrutura que inciden sobre o contrato, de conformidade co artigo 131 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas: gastos xerais e beneficio industrial. No custo total das obras incluíranse os gastos derivados de impostos, taxas e tributos de conformidade co establecido na Resolución da presidenta do IGVS, do 18 de novembro de 2022.

Non obstante o anterior, non se aboarán as facturas correspondentes as obras executadas con anterioridade ao ano natural en que se publique a resolución de



convocatoria. Exceptúanse as facturas correspondentes a actuacións preparatorias, as referidas a amoreamentos de material previos e/ou a pagamentos anticipados nos que a execución de obra se realice, igualmente, no ano natural en que se publique a resolución de convocatoria.

3. Para o caso de actuacións plurianuais, é necesario que o inicio das actuacións se realice no exercicio 2024 e o importe do orzamento a executar nesa anualidade non supere o 15% do orzamento total da actuación.

Así mesmo, de conformidade co ordinal 6.2 das bases reguladoras a subvención poderá ter carácter plurianual e as anualidades distribuiranse en función do prazo de execución comunicado polo concello, sen que en ningún caso o importe da última anualidade poida ser inferior ao 20 % do importe total da subvención concedida.

Catro. Concellos beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos de Galicia que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Contar con menos de 20.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes, publicadas polo Instituto Galego de Estatística á data de publicación da presente convocatoria.

b) Contar cun número de demandantes de vivenda inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no seu concello, cando menos igual ao de vivendas para as que se solicita a axuda.

c) Ter cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio inmediatamente anterior ao ano desta convocatoria, no que o seu prazo de presentación estivera vencido.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles concellos que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cinco. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución de convocatoria no DOG e rematará o día 3 de xuño de 2024 e, en todo caso, no momento de esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria, que



será publicada no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Seis. Solicitudes e documentación complementaria

1. A solicitude realizarase conforme ao formulario que se incorpora como anexo I desta resolución (código de procedemento VI422F). Deberá dirixirse á Área Provincial do IGVS onde estea situada a edificación ou a vivenda.

2. No caso de que os concellos pretendan financiar varias actuacións a través desta convocatoria, deberán presentar unha solicitude para cada unha delas.

3. A solicitude deberá formalizala, en representación do concello, a persoa titular da Alcaldía ou a persoa en que esta delegue.

4. Coa solicitude deberá achegar a seguinte documentación:

a) Certificado do acordo municipal de solicitar a subvención ao IGVS, aceptando os termos da convocatoria, de conformidade coa memoria, o orzamento e o prazo de execución propostos na documentación que se acompaña á solicitude.

b) Certificado da secretaría municipal no que se acredite que a edificación ou a vivenda obxecto de rehabilitación é da súa titularidade e de que se cumpren os requisitos recollidos no ordinal quinto da Resolución da presidenta do IGVS, do 23 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro social.

c) Proxecto técnico ou memoria relativa á actuación que se vai realizar na edificación ou na vivenda. Deberá vir acompañado da seguinte documentación:

- Informe asinado polo/a correspondente técnico/a municipal relativo á localización da edificación ou da vivenda, ao ámbito no que se inclúe, ás súas características e ao seu estado de deterioración. Este informe conterá unha reportaxe fotográfica en cor da edificación ou da vivenda e unha xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

- Memoria da actuación proposta, do orzamento de execución material e do calendario de execución. Este calendario é necesario para establecer o reparto das anualidades no momento da concesión da subvención.



- Informe do/a técnico/a municipal de que a actuación proposta cumpre coa lexislación vixente.

d) Documentación acreditativa da persoa titular da Alcaldía ou a persoa en que esta delegue, de ser o caso.

Sete. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Número de identificación fiscal do concello solicitante.

b) Documento nacional de identidade ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro da persoa representante.

2. No caso de que os concellos interesados se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo I (código de procedemento VI422F) e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso do concello interesado para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselle solicitar aos concellos interesados a presentación dos documentos correspondentes.

Oito. Resolución e recursos

1. A resolución de concesión indicará as actuacións subvencionables, o seu custo, as condicións que deberanse cumprir para a execución da obra, así como o prazo para a súa finalización. Ademais, fixará a contía da subvención concedida que, de ser o caso, poderá ter carácter plurianual.

2. Para a concesión das axudas, atenderase á orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela na que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos esixidos nas bases reguladoras deste programa e nesta resolución.



3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será dous meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, os concellos solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Contra a resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación.

Nove. Xustificación da subvención

A xustificación da execución das obras subvencionadas realizarase conforme ao seguinte procedemento:

1. O concello beneficiario deberá comunicar á correspondente Área Provincial do IGVS o remate das obras nun prazo máximo de quince días. Este prazo comezará a contar desde a súa finalización ou desde o remate do prazo máximo fixado na resolución de concesión da subvención para a terminación das obras. A comunicación deberá facerse por vía electrónica, conforme ao anexo II (código de procedemento VI422F), no que se deberá facer unha declaración de estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, para poder proceder ao pagamento de acordo co artigo 60.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Xunto co citado anexo deberá xuntarse, segundo os casos, a seguinte documentación:

A. Para o caso de xustificar a comunicación parcial das obras:

- Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e prace da persoa titular da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da parte executada da subvención, na que se faga constar o cumprimento das actuacións da anualidade que se certifica, así como os conceptos e contías relativos aos gastos totais soportados polo concello e imputables a esta certificación, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e recoñecemento da obriga polo órgano competente.

A citada conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en



contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

O importe xustificado á conta non poderá ser superior, en ningún caso, ao 80% do total da subvención concedida.

- Memoria explicativa das obras realizadas.
- Fotografías que mostren as obras realizadas.
- Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios e recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.
- Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e a súa procedencia.
- Copia de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

B. Para o caso de xustificar a comunicación final das obras:

1. Co remate das obras deberá presentarse, ademais da documentación sinalada no apartado anterior, unha certificación da secretaría do concello acreditativa desta circunstancia, acompañada da súa acta de recepción, indicando que se cumpriu a finalidade da subvención. Non será necesario achegar a copia das tres ofertas sinaladas no parágrafo anterior, no caso de telas presentado con anterioridade.
2. Transcorrido o prazo indicado sen que o concello beneficiario presente a documentación xustificativa, o órgano instructor requiriralla para que a presente nun prazo de dez días.
3. En ningún caso admitirase a presentación de documentación xustificativa da subvención con posterioridade ao 30 de outubro da anualidade a xustificar, salvo que o requirimento sinalado no apartado anterior se fixera dentro dos dez días anteriores a esa data.



4. No caso de que o ritmo de execución das obras fora diferente ao establecido na resolución de concesión, poderán reaxustarse as anualidades mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, previa solicitude do concello, sempre que exista dispoñibilidade orzamentaria para a súa realización.

5. No caso de non terse presentado a xustificación da anualidade correspondente nos prazos indicados nin terse procedido a un reaxuste das anualidades, perderase o dereito ao cobramento da parte da subvención correspondente á citada anualidade, o que lle será notificado ao concello interesado a través da oportuna resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

6. Presentada a documentación xustificativa e logo das comprobacións e inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da Área Provincial do IGVS emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará unha proposta de pagamento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Dez. Obrigas dos concellos beneficiarios

Ademais das recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os concellos beneficiarios, de conformidade co ordinal décimo noveno da citada Resolución do 23 de decembro de 2020, terán as seguintes obrigas:

- a) Executar as actuacións subvencionadas nas condicións e prazos indicados na resolución de concesión.
- b) Destinar a vivenda rehabilitada durante un prazo non inferior a vinte anos, contados desde o día seguinte ao da finalización das obras, ao alugamento de unidades de convivencia que cumpran os requisitos previstos nesta resolución.
- c) Acreditar documentalmente ao IGVS a efectividade dos pagamentos realizados nos prazos establecidos no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- e) Dar a axeitada publicidade de que as actuacións están subvencionadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do IGVS, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- f) As demais obrigas que se derivan da resolución do 23 de decembro de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras desta axuda e modificada pola resolución do 18 de



novembro de 2022.

III. Convocatoria das subvencións para o Programa de infravivenda (código de procedemento VI406A)

Décimo segundo. *Convocatoria das subvencións para o Programa de infravivenda (código de procedemento VI406A).*

Uno. Obxecto

1. Estas subvencións están dirixidas a prestar apoio aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes para que poidan axudar con carácter urgente ás unidades de convivencia que residan, en condicións de propietarias, nunha infravivenda e non dispoñan de recursos económicos para acometer obras que permitan ter as mínimas condicións de habitabilidade.

2. Así mesmo, estas subvencións terán por obxecto permitir aos concellos de Galicia de menos de 10.000 habitantes rehabilitar infravivendas do seu patrimonio municipal para destinalas a solucionar os problemas de residencia de unidades de convivencia que cumpran os requisitos fixados nas bases reguladoras.

Dous. Crédito orzamentario

As subvencións previstas nesta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 06.81.451A.760.0, por importe de 370.000 euros, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2024.

Tres. Actuacións subvencionables

Consideraranse actuacións subvencionables a execución de obras de rehabilitación en edificacións e vivendas, co obxecto de que estas acaden unhas mínimas condicións de habitabilidade.

En concreto, serán subvencionables con cargo a este programa as actuacións que teñan por obxecto:

- A reforma ou rehabilitación de elementos exteriores.
- A mellora das condicións estruturais e de seguranza.
- A mellora da accesibilidade da edificación ou das vivendas



- A mellora da habitabilidade. Dentro destas últimas, será subvencionable a execución de obras que eviten a entrada no edificio do gas radon ou a adopción de medidas que garantan a súa eliminación do interior das vivendas.

Catro. Concellos beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas os concellos de Galicia que cumpran cos seguintes requisitos:

a) Contar con menos de 10.000 habitantes. Para estes efectos, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais do padrón municipal de habitantes publicadas polo Instituto Galego de Estatística na data de publicación da presente convocatoria.

b) Ter cumprido co deber de remisión ao Consello de Contas de Galicia das contas xerais do exercicio inmediatamente anterior ao ano da convocatoria, no que o seu prazo de presentación estivera vencido.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas aqueles concellos que se atopen nalgún dos supostos previstos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cinco. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución de convocatoria no DOG e rematará o día 3 de xuño de 2024 e, en todo caso, no momento de esgotamento da partida orzamentaria contida nesta convocatoria, que será publicada no DOG mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Seis. Solicitudes e documentación complementaria

1. A solicitude de concesión realizarase conforme ao formulario que se incorpora como anexo III (código de procedemento VI406A) desta convocatoria. Deberá dirixirse á Área Provincial do IGVS onde estea situada a edificación ou a vivenda.

2. No caso de que os concellos pretendan financiar varias actuacións a través desta convocatoria, deberán presentar unha solicitude para cada unha delas. Ningún concello poderá presentar máis dunha solicitude para a mesma infravivenda nin poderá solicitar unha subvención para traballos correspondentes a actuacións xa subvencionadas en



convocatorias anteriores na mesma infravivenda.

3. A solicitude deberá formalizala, en representación do concello, a persoa titular da Alcaldía ou a persoa en que esta delegue.

4. Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

a) Certificado do acordo municipal de solicitar a subvención ao IGVS, aceptando os termos da convocatoria, de conformidade coa memoria, o orzamento e o prazo de execución propostos na documentación que se acompaña á solicitude.

b) Para o suposto de que a vivenda sexa de titularidade privada, o anexo IV (código de procedemento VI406A) de autorización das persoas propietarias do inmovible, membros da unidade de convivencia, para que o concello execute as obras de rehabilitación, así como o compromiso de dedicar a vivenda a domicilio habitual e permanente da unidade de convivencia durante un prazo non inferior a cinco anos, contado desde a finalización das obras.

c) Certificado da secretaría municipal no que se acredite terse cumprido os requisitos recollidos no artigo 7 da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, do 23 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións do Programa de infravivenda.

d) Proxecto técnico ou memoria relativa á infravivenda obxecto das actuacións. Deberá vir acompañado da seguinte documentación:

- Informe social sobre as circunstancias persoais, así como das económico-sociais de cada un dos membros da unidade de convivencia. No caso de tratarse dunha infravivenda da súa titularidade, que aínda non estea ocupada por unha unidade de convivencia, non se presentará este informe.

- Informe asinado pola persoa técnica municipal relativo á localización da infravivenda, das súas características e do seu estado de deterioración. Este informe deberá ir acompañado dunha reportaxe fotográfica en cor da edificación ou vivenda e dunha xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

- Memoria da actuación proposta, do orzamento de execución material e do calendario de execución.

- Informe da persoa técnica municipal de que as actuacións propostas cumpren coa lexislación vixente.



- Informe municipal sobre o financiamento da actuación que xustifique a súa viabilidade.
 - Certificado do correspondente órgano do concello de que o nivel de renda da unidade de convivencia das persoas beneficiarias entra dentro dos criterios establecidos nesta resolución. No caso de tratarse dunha infravivenda da súa titularidade, que aínda non estea ocupada por unha unidade de convivencia, non se presentará este certificado.
 - No caso de tratarse dunha vivenda da súa titularidade, certificado da secretaría municipal no que se acredite que a edificación ou vivenda obxecto de rehabilitación é da súa titularidade.
 - No caso de que a edificación ou vivenda pertenza a algunha das persoas membro da unidade de convivencia, certificado da secretaría municipal no que se acredite a propiedade da edificación ou da vivenda obxecto de rehabilitación.
- e) Documentación acreditativa da persoa titular da Alcaldía ou a persoa en que esta delegue, de ser o caso.

Sete. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Número de identificación fiscal do concello solicitante.
 - b) Documento nacional de identidade ou, de ser o caso, número de identidade de estranxeiro da persoa representante.
2. No caso de que os concellos interesados se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no anexo III (código de procedemento VI406A) e achegar os documentos. Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso do concello interesado para realizar a consulta.
3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselle solicitar aos concellos interesados a presentación dos documentos correspondentes.



Oito. *Resolución e recursos*

1. A resolución de concesión indicará as actuacións subvencionables, o seu custo, as condicións que deberanse cumprir para a execución da obra, así como o prazo para a súa finalización. Ademais, fixará a contía da subvención concedida.
2. Para a concesión das axudas atenderase á orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galicia. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela na que esta quedase validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos esixidos nas bases reguladoras deste programa e nesta resolución.
3. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será dous meses, contados desde a data de presentación da solicitude. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, os concellos solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.
4. Contra a resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS. O prazo de interposición deste recurso será dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Nove. *Xustificación da subvención*

A xustificación da execución das obras subvencionadas realizarase conforme ao seguinte procedemento:

1. O concello beneficiario deberá comunicar á correspondente Área Provincial do IGVS o remate das obras nun prazo máximo de quince días. Este prazo comezará a contar desde a súa finalización ou desde o remate do prazo máximo fixado na resolución de concesión da subvención para a terminación das obras. A comunicación deberá facerse por vía electrónica, conforme ao anexo V (código de procedemento VI406A), no que se deberá facer unha declaración de estar ao día no cumprimento de obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, para poder proceder ao pagamento de acordo co artigo 60.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Xunto co citado anexo deberá xuntarse, segundo os casos, a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola secretaría do concello, co visto e praxe da persoa titular

da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada o cumprimento da finalidade da subvención, así como os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello e imputables a esta actuación, coa seguinte relación: identificación da persoa acreedora, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e recoñecemento da obriga polo órgano competente.

A citada conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

- Memoria explicativa das obras realizadas.
 - Fotografías que mostren as obras realizadas.
 - Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios e recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior.
 - Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e a súa procedencia.
 - Copia de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe do gasto subvencionable da actuación supere a contía de 40.000 euros. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.
2. Transcorrido o prazo indicado sen que o concello beneficiario presente a documentación xustificativa, o órgano instrutor requiriralla para que a presente nun prazo de dez días.
3. En ningún caso admitirase a presentación de documentación xustificativa da subvención con posterioridade ao 25 de novembro do ano da convocatoria, salvo que o requirimento sinalado no apartado anterior se fixera dentro dos dez días anteriores a esa data.
4. Unha vez presentada a documentación xustificativa e logo das comprobacións e





inspeccións que se consideren oportunas, a persoa titular da Área Provincial do IGVS emitirá informe sobre o cumprimento dos requisitos e elevará unha proposta de pagamento á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

Dez. Obrigas dos concellos

Ademais das recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os concellos beneficiarios, de conformidade co artigo 21 da citada Orde do 23 de decembro de 2019, terán as seguintes obrigas:

1. Executar as actuacións subvencionadas nas condicións e prazos indicados que consten na resolución de concesión.
2. Destinar a vivenda rehabilitada a solucionar os problemas de infravivenda durante un prazo non inferior a cinco anos, a contar desde a finalización das obras, para o caso de que a edificación ou vivenda fora de propiedade municipal.
3. Acreditar documentalmente ao IGVS a efectividade dos pagamentos realizados nos prazos establecidos no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.
4. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
5. Dar a axeitada publicidade de que as actuacións están subvencionadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a través do IGVS.
6. As demais obrigas que se derivan da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras desta axuda.

IV. Eficacia

Décimo terceiro. Eficacia

Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela
A presidenta do IGVS
Ángeles Vázquez Mejuto
(Documento asinado electronicamente)

